

ACTA NÚM. 14 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2018.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **9:00 horas** do día **27 de setembro de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria e urxente.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel DíosDiz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don AgustínHernández Fernández de Rojas.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María JoséCorral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo MontielCarracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco ReyesSantiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Ana Gago Fernández, **viceinterventora do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste a concelleira, Dona M^a José Castro Carballal.

ORDE DO DÍA:

1. Ratificación da urxencia da sesión.

2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).

3. Proposta da Alcaldía sobre determinación da cantidade global adicada a gratificacións por servizos extraordinarios de seguridade e orde público.

Cumpriméntase así:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

O Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, ratifica a urxencia da sesión.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non se presenta.

3. PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DETERMINACIÓN DA CANTIDADE GLOBAL ADICADA A GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS DE SEGURIDADE E ORDE PÚBLICO.

A proposta da alcaldía en relación ao asunto do epígrafe, de data 24 de setembro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“No orzamento municipal correspondente ao exercicio 2017 incluíronse, a nivel de créditos iniciais, varias aplicacións para facer fronte ao aboamento do complemento de gratificacións por servizos extraordinarios dos empregados municipais, que no seu conxunto totalizaban o subconcepto de gastos 15100 en 720.000,00 €, co seguinte desglose por aplicacións:

* 030/13200/15100: 515.000,00 €

* 030/13600/15100: 127.000,00 €

* 030/92000/15100: 78.000,00 €

* Total contía global inicialmente fixada polo Pleno para gratificacións por servizos extraordinarios: 720.000,00 €

O Pleno da Corporación na sesión extraordinaria do 26.07.2018 aprobou un expediente de suplemento de crédito -2018 SUPLE 03- a través do que se incrementou a aplicación 030/13200/15100 en 149.515,56 € para atender as gratificacións por servizos extraordinarios da policía local correspondentes aos meses de setembro, outubro e novembro do 2017.

O 20.09.2018 a Viceinterventora municipal emitiu o informe 576/2018 sobre a proposta de aboamento das anteditas gratificacións por servizos extraordinarios do servizo de seguridade e orde público concluíndo que “...*sí se advierte que o Pleno da Corporación debe pronunciarse nos termos indicados na conclusión II e detallado no apartado primeiro do presente informe, con carácter previo á aprobación do gasto, sendo o reparo de carácter suspensivo á fase de recoñecemento da obriga ata non se produza dito pronunciamento por entenderse por este Intervención queo acordo de modificación de crédito 2018 SUPLE 03 é incompleto neste aspecto.*”

A situación do concepto de gratificacións por traballos realizados fóra da xornada laboral en 2017 foi a seguinte:

APLICACIÓN	CRÉDITOS INICIAIS 2017	CRÉDITOS TOTAIS 31.12.2017	TOTAL GRATIFICACIÓNS 2017 (incluíndo 2018 SUPLE 03)
030/13200/15100	515.000,00 €	449.623,31 €	599.138,87 €
030/13600/15100	127.000,00 €	426.552,41 €	426.552,41 €
030/92000/15100	78.000,00 €	51.176,69 €	51.176,69 €
TOTAL	720.000,00 €	927.352,41 €	1.076.867,97 €

Polo exposto, en cumprimento das indicacións efectuadas pola Viceinterventora municipal no informe 576/2018, propóñolle ao Pleno da Corporación que complete o acordo que adoptou na sesión extraordinaria do 26.07.2018 co gallo da aprobación do expediente modificativo de crédito 2018 SUPLE 03 e fixe en 1.076.867,97 € a cantidade global adicada no orzamento municipal do exercicio 2017 a gratificacións por servizos extraordinarios.”

Rematado o debate, e á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda completar o acordo adoptado na sesión plenaria extraordinaria do día 26 de xullo do corrente ano, de aprobación do expediente modificativo de crédito 2018 SUPLE 03 e fixar en 1.076.867,97 € a cantidade global adicada no orzamento municipal do exercicio 2017 a gratificacións por servizos extraordinarios.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente de una por finalizada sendo as 9:30 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,
Asdo: Martiño Noriega Sánchez

O secretario xeral do pleno,
Asdo: José Ramón Alonso Fernández